



## RESUMO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

<b>Materia</b>	<b>Historia de España</b>	<b>Nivel</b>	<b>2º BAC</b>
<b>Profesor</b>	<b>PERNAS OROZA, Herminia</b>		

### CONTIDOS

<b>1º TRIMESTRE</b>
<p><b>TEMA 1</b> A PREHISTORIA</p> <p><b>TEMA 2</b> A ESPAÑA MEDIEVAL</p> <p><b>TEMA 3</b> A MONARQUÍA HISPÁNICA, SÉCULOS XVI-XVII</p> <p><b>TEMA 4</b> O SÉCULO XVIII</p>
<b>2º TRIMESTRE</b>
<p><b>TEMA 5</b> INICIOS E CONSOLIDACIÓN DO RÉXIME LIBERAL</p> <p><b>TEMA 6</b> A MONARQUÍA DA RESTAURACIÓN</p> <p><b>TEMA 7</b> TRANSFORMACIÓNS ECONÓMICAS E SOCIAIS NO SÉCULO XIX E PRIMEIRO TERZO DO XX</p>
<b>3º TRIMESTRE</b>
<p><b>TEMA 8</b> SEGUNDA REPÚBLICA E GUERRA CIVIL</p> <p><b>TEMA 9</b> ESPAÑA NO FRANQUISMO</p> <p><b>TEMA 10</b> ESPAÑA EN DEMOCRACIA</p>

## AVALIACIÓN

### INSTRUMENTOS

#### 1) PROBAS ESCRITAS

Realizarase unha proba escrita como mínimo, por trimestre que seguirá o modelo proposto polo Grupo de Traballo da materia de Historia de España para a ABAU 2019, e que consistirá nunha pregunta-tema para desenvolver; unha definición de conceptos e unha composición de textos históricos. Para que estas probas ou exames fagan media entre si deberá acadarse unha cualificación mínima de 3,5 puntos.

- **Valoración das probas escritas: 70% da nota total da avaliación.**

#### 2) TRABALLO INDIVIDUAL OU DE GRUPO REALIZADO NA AULA/CASA

- ✓ Trátase de traballos –individuais ou de grupo- de resumo e síntese así como tamén de pescuda, sobre temas puntuais propostos.
- ✓ Participación oral na aula ben a título individual ou en forma de debates.
- ✓ Actividades para realizar na aula e/ou casa baseadas nunha composición de textos históricos (aínda que poden incluír tamén outra serie de preguntas).
- **Valoración do traballo individual ou en grupo: 30% da nota total da avaliación**

**Outros aspectos que se terán en conta á hora de cualificar as distintas probas que realice o alumnado son:**

- Se un alumno non se presenta a un exame, só terá dereito á realización do mesmo cando achegue un documento oficial por escrito que xustifique a devandita ausencia.
- A cualificación na avaliación ordinaria de maio será a media das tres avaliacións parciais. O resultado desta media redondearase segundo a evolución do/a alumno/a durante o curso.

## RECUPERACIÓN

O alumnado que por diversas razóns non asista á clase e perda o dereito á avaliación continua terá que someterse a unha proba final de toda a materia no mes de maio.

Cando un alumno non acade os mínimos esixibles na avaliación, terá a posibilidade de recuperación realizando unha proba escrita sobre os mesmos contidos.

Se a nota media das tres avaliacións non chega ao aprobado, o alumnado terá dereito a unha última convocatoria, a través dunha proba única que se realizará no mes de maio (convocatoria ordinaria).

O alumnado que non aprobe na devandita convocatoria ordinaria deberá presentarse á avaliación extraordinaria de xuño (este curso será o primeiro no que a avaliación extraordinaria teña lugar no mes de xuño). Realizarase unha única proba escrita.

## MATERIAL DE TRABALLO

O material, tanto teórico coma práctico, que se vai empregar neste curso está colgado na **aula virtual** do **IES Monte Castelo**. Para que o alumnado poida acceder ao mesmo ten que entrar na materia correspondente ao nivel de 2º BAC.

En calquera momento o profesor poderá achegar outro tipo de material (fotocopias, vídeos, audios, libros de consulta...) que estime oportuno para reforzar a teoría ou a práctica que se estea a traballar nese trimestre.